



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2021

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2021.
2. Validar os informes finais de avaliación do PAT do curso 2020-2021 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía e delegar nas Coordinadoras de ambas as dúas titulacións a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.
3. Validar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021 e delegar nas Coordinadoras de ambas as dúas titulacións a competencia para incluír os datos relativos aos programas de mobilidade e a corrección dos erros materiais que se poidan detectar.
4. Validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2020-2021.
5. Delegar na Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.
6. Incorporar ao Plan de Melloras de Centro as propostas de mellora recollidas nos informes do PAT e nos informes de coordinación para o curso académico 2021-2022.
7. Trasladar ao órgano competente o informe elaborado polo Xefe de equipo do campus sobre as necesidades estruturais e tamén de formación do PAS do centro.
8. En relación coas necesidades de formación do PDI:
 - a) Trasladar á Área de formación e innovación educativa as necesidades de formación manifestadas polo persoal docente e investigador.
 - b) Solicitar á empresa Wolters Kluwer unha proposta de datas para realizar un curso de formación específica en bases de datos para o ámbito xurídico.
 - c) Solicitar na biblioteca universitaria a impartición dalgún curso orientado ao ámbito xurídico en relación cos índices bibliométricos e indicadores de impacto, importancia dos perfís de investigadores e de repositorios como Investigo.
9. Validar as propostas realizadas en materia de execución de gastos.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 2 de decembro de 2021, se publicaron no taboleiro de anuncios o día 9 de decembro de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es